

Resolución da Xerencia da Universidade de Santiago de Compostela, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan 30 contratos a tempo parcial para persoal investigador de iniciación dirixidos a alumnado de Máster (curso 2023-2024)

A Universidade Santiago de Compostela creou unha carreira investigadora propia a través do *Acordo sobre a clasificación profesional e as condicións retributivas do persoal investigador e do persoal de apoio a investigación* (DOG Núm. 237 do 24 de novembro de 2020, modificación DOG Núm. 180 de 17 setembro 2021, modificación DOG Núm. 107 de 6 xuño 2022, última modificación DOG Núm.75 do 19 de abril de 2023),, co obxectivo de dar estabilidade a este colectivo e potenciar a continuidade das investigacións que desenvolven.

A tal efecto, dito acordo, regula no **artigo 9 bis** a figura do persoal investigador en iniciación como o primeiro chanzo da carreira investigadora, tendo como cometido desenvolver funcións investigadoras que lle permitan obter a práctica profesional investigadora adecuada ao nivel de estudos ou de formación obxecto do contrato, previa á etapa de doutoramento.

A Universidade da Santiago de Compostela, co fin de potenciar a carreira e promoción do persoal investigador, convoca 30 contratos laborais de 6 meses de duración a tempo parcial (50% xornada) para persoal investigador en iniciación dirixidos ao alumnado matriculado no actual curso académico, 2023-2024 nun Máster oficial da USC e que inician a súa andaina na investigación.

Tendo en conta o anterior, respecto aos criterios para a selección, o 60% da puntuación final de cada persoa aspirante se obterá sobre a media do seu expediente académico establecendo unha nota mínima de 6 puntos. O 40% restante da puntuación final obtense da puntuación asignada a cada área de coñecemento (Anexo I) en función de dous parámetros:

- A relación entre os contratos predoutorais captados pola área nos tres últimos anos e o número de créditos matriculados que representa a súa carga docente.

- O número de profesores/as de máis de 62 anos adscritos á área, corrixidos en función da capacidade docente da área de coñecemento.

A selección rexerá polo disposto no *Regulamento de selección de persoal investigador e de apoio a investigación no marco de actividades e programas de I+D+i* para as convocatorias ordinarias.

PRIMEIRA. Obxecto

O obxectivo desta acción será a de fomentar e promover o acceso e a iniciación á investigación mediante a atracción de estudiantado matriculado nun Máster oficial da USC no curso 2023-2024, e que amosou un nivel de rendemento académico no grao, a través dun plan de formación básica en investigación, centrado nun traballo de investigación supervisado.

O programa de formativo de iniciación á investigación contará coa supervisión dunha persoa investigadora da Universidade de Santiago de Compostela que titorizará a súa formación. Para tal fin, a persoa investigadora principal deberá elaborar un plan formativo individual no que se especifique o contido da práctica profesional, e asignará titor/a que conte con formación e experiencia adecuadas para o seguimento do plan e o correcto cumprimento do obxecto do contrato e que deberá estar integrada nun grupo de investigación-

Os contratos formalizaranse baixo a modalidade do contrato para a obtención da práctica profesional establecido no artigo 11.3 dos Estatutos dos Traballadores.

SEGUNDA. Réxime xeral

A Universidade de Santiago de Compostela convoca, en réxime de concorrencia competitiva, **30 contratos** para a obtención da práctica profesional para alumnos matriculados nun Máster Oficial na Universidade de Santiago de Compostela no curso académico 2023/2024. A dotación orzamentaria dos contratos será de **165.000,00 €** con cargo á partida orzamentaria **8050-359B-64000**, sen prexuízo de que este importe puidese ser incrementado en función da dispoñibilidade orzamentaria.

TERCEIRA. Características dos contratos

O importe da contrato, financiado polo Banco Santander, será de **542.64 € brutos mensuais** e a parte proporcional das pagas extraordinarias, no seu caso, devengadas.

A duración destes contratos será de **6 meses**, e o inicio da mesma será o primeiro día do mes seguinte ao da resolución definitiva de concesión, e sempre que a persoa beneficiaria achegue toda a documentación requirida para poder activar a súa alta indicada na base décimo cuarta desta convocatoria.

A xornada de traballo será ao **50 por cento da xornada de dedicación diaria** (17, 5 horas semanais).

Esta axuda será incompatible con calquera contrato laboral activo na USC ou en calquera outra entidade publica ou privada. A persoa seleccionada deberá achegar unha declaración de incompatibilidade asinada, establecendo que no momento de aceptar dita axuda cumpre o establecido neste apartado.

O documento da declaración de incompatibilidade será facilitado previamente pola Subárea de Convocatorias e de RRHH da Universidade de Santiago de Compostela ás persoas beneficiarias.

CUARTA. Requisitos de participación e incompatibilidades

Todas as persoas solicitantes desta convocatoria deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Estar matriculados nun Máster oficial da USC no curso 23-24.
- Na data de inicio do seu contrato, a persoa beneficiaria non poderá ter ningún contrato laboral vixente cunha entidade de carácter publico ou privado.
- Deberán estar en posesión dun título universitario do sistema educativo, que lles habiliten ou capaciten para o exercicio da súa actividade laboral.
- A data límite da obtención do título establecido no parágrafo anterior deberá estar dentro dos 3 anos anteriores ou, dos cinco anos no caso de persoas que acrediten algunha discapacidade, á data fin do prazo de solicitudes desta convocatoria.
- Non poderán participar aquelas persoas que xa obtiveran unha experiencia profesional ou realizado algunha actividade formativa na mesma actividade na USC por mais de 3 meses (non se terán en conta para estes efectos os períodos de

formación ou prácticas que formen parte do currículo esixido para a obtención da titulación ou certificado que habilita esta contratación)

- A formalización da matrícula nun programa de doutoramento será causa de extinción do contrato

Por parte do/a titor/a do **plan formativo**:

- A dirección da formación para a obtención da practica profesional,
- O seguimento do plan formativo
- O correcto cumprimento do obxecto do contrato.

QUINTA. Presentación de solicitudes

A presentación de solicitudes farase a través da **Sede Electrónica** da Universidade de Santiago de Compostela, empregando o formulario de solicitude dispoñible dirixida á Subárea de Convocatorias e de RRHH ou por calquera dos medios establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Na solicitude deberá indicarse que desexa participar na convocatoria de contratos para a obtención da practica profesional para alumnos de Máster curso 2023-2024. (non é preciso achegar ningunha documentación no momento de realizar este rexistro).

Realizada a solicitude a través do rexistro electrónico da USC, deberán rematar o proceso cumprimentando os datos requiridos a través da **plataforma informática do Banco Santander** á que se accede desde a seguinte ligazón:

<https://www.becas-santander.com/es>

A documentación que debe anexarse na plataforma do Banco Santander será a seguinte:

- Copia do **expediente académico** do grao ou título equivalente no que consten as cualificacións obtidas e con expresión da nota media en base 10 obtida nos estudos oficiais que estea cursando ou cursara a persoa solicitante. No suposto de ter realizado estudos no estranxeiro nun idioma diferente ao inglés, a certificación deberá presentarse coa tradución oficial ao español ou galego. Así mesmo, no caso estudos universitarios realizados en centros estranxeiros, a persoa aspirante deberá achegar a declaración de equivalencia de notas medias de estudos estranxeiros

(<https://universidades.sede.gob.es/procedimientos/portada/ida/3513/idp/1030>)

- **Carta de motivación** coa expresión do interese na obtención da bolsa.
- **Documento de incorporación ao grupo de investigación da USC**, asinado pola persoa titora e tamén pola coordinadora do grupo.
- **Declaración responsable** manifestando que a documentación achegada e a información declarada é veraz e comprometéndose a achegar a documentación orixinal no caso de que lles fose requirida en calquera momento do proceso de selección ou durante o goce da bolsa. O incumprimento do requirimento dará lugar á exclusión da solicitude durante o proceso de selección ou ao reintegro da bolsa no caso de que a persoa resultase beneficiaria.
- **Copia do Xustificante de presentación no rexistro electrónico da USC** da solicitude de participación. **A non presentación** deste xustificante será motivo de exclusión nesta convocatoria.

SEXTA. Publicidade e prazo de presentación de solicitudes

As bases e a convocatoria publicaranse no **Taboleiro Electrónico** da Universidade de Santiago de Compostela (<https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/inicio.htm>)

O prazo de presentación de solicitudes comezará ao día seguinte da publicación no Taboleiro Electrónico e rematará **aos 10 días naturais** a contar a partir do día seguinte ao da súa publicación.

SÉTIMA. Criterios de selección e avaliación

A puntuación máxima de selección das candidaturas será de 100 puntos, como resultado da suma da puntuación obtida en relación aos seguintes criterios:

- Méritos xerais. Nota media do expediente académica, ata un máximo de **60 puntos**
- Méritos específicos. Puntuación da área de coñecemento á que pertence o PDI que se compromete a dirixir a tese das persoas aspirantes. Estas puntuacións

figuran recollidas no anexo I desta convocatoria. Ata un máximo de **40 puntos**.

A nota media de selección resultante expresarase con tres decimais, redondeada á milésima máis próxima, e, en caso de equidistancia, á superior.

1. Avaliación e puntuación da solicitude.

A avaliación terá en conta a suma da puntuación obtida nos seguintes méritos:

a) **Méritos xerais (valoración máxima 60 puntos sobre 100)**

A Nota Media de Selección calcularase e expresará con tres decimais, redondeada á milésima máis próxima, e, en caso de equidistancia, á superior.

Nota media do expediente académico da persoa candidata. As persoas propostas deberan obter polo menos unha nota mínima de 6 puntos sobre 10 no expediente académico que lle dea acceso ao programa de doutoramento da área de coñecemento para a que presenta solicitude.

b) **Méritos específicos (valoración máxima 40 puntos sobre 100)**

Puntuación da área de coñecemento á que pertence o PDI que se compromete a titorizar Estas puntuacións figuran recollidas no anexo I desta convocatoria. Esta puntuación valorarase de 0 a 40 puntos.

2. Selección de solicitudes

A comisión de avaliación, unha vez valoradas todas as solicitudes, elaborará unha proposta provisional de concesión por orde de puntuación adquirida por cada persoa solicitante, así como, unha lista de solicitudes de reserva para substituír á persoa proposta para concesión nos supostos de renuncia por parte desta.

A lista de agarda ordenarase de acordo coa puntuación total obtida no proceso de selección.

OITAVA. Instrución e tramitación do procedemento

O órgano competente para a instrución do procedemento será a Xerencia da Universidade de Santiago de Compostela.

Á vista das solicitudes presentadas, o órgano instrutor realizará de oficio as actuacións que estime necesarias para a determinación dos datos en virtude dos que debe formularse a proposta de resolución.

No caso de advertir que a documentación presentada é incompleta concederá un prazo de emenda de 3 días naturais ás persoas solicitantes. De non emendar os defectos nese prazo, procederá ao arquivo da solicitude.

Unha vez emendadas as deficiencias que se aprecien nas solicitudes, a Xerencia elevará a relación nominal de solicitantes xunto coa súa documentación á Comisión de Selección.

NOVENA. Órganos de selección

A Comisións de Selección será encargada de avaliar as diferentes solicitudes e de emitir un informe no que se concrete o resultado da avaliación, tendo en conta os requisitos xerais establecidos e os criterios de selección e adxudicación previstos na base Sétima.

O informe será remitido á Subárea de Convocatorias e RRHH e recollerá a ordenación de todas as solicitudes presentadas.

Constituirase unha comisión de selección que estará formada:

- **Presidenta:** María Teresa Flores Arias.
- **Vogal:** María José Piñeira Mantiñán
- **Secretario:** Emilio Martínez Rivas.

UNDÉCIMA. Proposta de resolución

A Xerencia, a través da Subárea de Convocatorias e RRHH, á vista do informe da Comisión de Selección, formulará a proposta de resolución provisional de persoas beneficiarias dos

contratos formativos que se publicará no **Taboleiro Electrónico** da Universidade de Santiago de Compostela e na **páxina Web da Vicerreitoría de Política Científica**.

Abrirase un prazo de **3 días naturais** a partir do día seguinte ao da publicación para presentar alegacións ou reclamacións á mesma.

Por tratarse dunha convocatoria en réxime de concorrencia competitiva, a Xerencia publicará a relación de solicitantes que constitúan a lista de agarda para o caso de que existan renuncias das persoas beneficiarias. A lista de agarda unicamente terá efectos para as posibles substitucións daquelas persoas beneficiarias que renuncien ao contrato antes do seu inicio.

Rematado o prazo de alegacións e reclamacións, e unha vez revisadas, ditarase resolución da Xerencia de concesión definitiva de persoas beneficiarias, así como a lista de agarda resultante, que se publicará no Taboleiro electrónico con indicación da data de inicio que será vinculante agás para o persoal estranxeiro que poderá demorar un mes a súa incorporación. No caso de non asinar o contrato nas datas indicadas na resolución de concesión, entenderase que a persoa renuncia á súa formalización.

DUODÉCIMA. Aceptación e renuncia.

As renuncias das persoas seleccionadas que se produzan previamente á sinatura do contrato poderán dar lugar á incorporación de candidatos/as de reserva.

Calquera dúbida relacionada con esta convocatoria pode consultala a través do enderezo electrónico investigacion.rrhh@usc.es

DÉCIMOTERCEIRA. Obrigas das persoas beneficiarias

A persoa beneficiaria comprométese a realizar a súa actividade investigadora seguindo as indicacións da persoa titora e a cumprir as normas internas vixentes no Centro de traballo, en especial aquelas relativas ás políticas preventivas de riscos nos lugares de traballo.

A persoa beneficiaria comprométese a presentar á persoa responsable da súa titorización, unha memoria das actividades realizadas (máximo 1000 palabras) para a súa conformidade, no prazo máximo de dez días naturais dende o remate da súas prácticas, asinada por ela e pola persoa que a titoriza.

DECIMOCUARTA. Disposición derradeira

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso potestativo de reposición no prazo de un mes perante o órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo antedito mentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela,

O Xerente

Anexo I

Gran Área	Área	Puntuación parámetro 1	Puntuación parámetro 2	Total
Arte e Humanidades	Arqueoloxía	11,62	16,35	27,96
Arte e Humanidades	Ciencias e Técnicas Historiográficas	12,36	17,31	29,67
Arte e Humanidades	Filoloxía Alemá	11,39	16,35	27,74
Arte e Humanidades	Filoloxía Catalá	12,40	16,35	28,75
Arte e Humanidades	Filoloxía Francesa	12,86	18,27	31,12
Arte e Humanidades	Filoloxía Grega	12,12	18,27	30,39
Arte e Humanidades	Filoloxía Inglesa	13,38	18,27	31,65
Arte e Humanidades	Filoloxía Italiana	12,17	19,23	31,40
Arte e Humanidades	Filoloxía Latina	11,77	16,35	28,11
Arte e Humanidades	Filoloxía Románica	12,48	17,31	29,79
Arte e Humanidades	Filoloxías Galega e Portuguesa	10,29	25,00	35,29
Arte e Humanidades	Filosofía	11,90	17,31	29,21
Arte e Humanidades	Filosofía Moral	12,11	19,23	31,34
Arte e Humanidades	Historia Antiga	12,21	19,23	31,44
Arte e Humanidades	Historia Contemporánea	11,05	16,35	27,39
Arte e Humanidades	Historia da Arte	10,44	19,23	29,67
Arte e Humanidades	Historia da Ciencia	12,33	17,31	29,64
Arte e Humanidades	Historia de América	12,01	18,27	30,28
Arte e Humanidades	Historia Medieval	11,52	19,23	30,75
Arte e Humanidades	Historia Moderna	11,16	21,15	32,32
Arte e Humanidades	Lingua Española	12,49	16,35	28,83
Arte e Humanidades	Lingüística Indoeuropea	11,98	17,31	29,29
Arte e Humanidades	Lingüística Xeral	12,47	16,35	28,81

Arte e Humanidades	Literatura Española	11,67	13,46	25,13
Arte e Humanidades	Lóxica e Filosofía da Ciencia	12,19	19,23	31,42
Arte e Humanidades	Música	11,64	17,31	28,95
Arte e Humanidades	Prehistoria	11,33	18,27	29,60
Arte e Humanidades	Teoría da Literatura e Literatura Comparada	11,79	17,31	29,10
Ciencias	Álgebra	11,57	23,08	34,65
Ciencias	Análise Matemática	13,09	15,39	28,48
Ciencias	Antropoloxía Física	12,35	17,31	29,65
Ciencias	Astronomía e Astrofísica	12,33	18,27	30,60
Ciencias	Bioloxía Celular	11,71	16,35	28,06
Ciencias	Botánica	12,48	20,19	32,68
Ciencias	Ecoloxía	12,59	14,42	27,01
Ciencias	Edafoloxía e Química Agrícola	12,04	12,50	24,54
Ciencias	Electromagnetismo	12,68	16,35	29,03
Ciencias	Electrónica	12,58	17,31	29,89
Ciencias	Estatística e Investigación Operativa	12,38	18,27	30,65
Ciencias	Física Aplicada	13,18	13,46	26,64
Ciencias	Física Atómica, Molecular e Nuclear	8,01	8,65	16,67
Ciencias	Física da Materia Condensada	11,35	16,35	27,69
Ciencias	Física Teórica	6,92	11,54	18,45
Ciencias	Fisioloxía Vexetal	12,72	19,23	31,96
Ciencias	Matemática Aplicada	13,43	12,50	25,93
Ciencias	Nutrición e Bromatoloxía	13,04	19,23	32,28
Ciencias	Óptica	12,41	16,35	28,76
Ciencias	Química Analítica	12,18	13,46	25,64
Ciencias	Química Física	12,02	11,54	23,56

Ciencias	Química Inorgánica	12,43	18,27	30,70
Ciencias	Química Orgánica	0,00	6,73	6,73
Ciencias	Tecnoloxía de Alimentos	12,28	16,35	28,63
Ciencias	Xeometría e Topoloxía	11,96	22,12	34,08
Ciencias	Zooloxía	12,40	19,23	31,63
Ciencias da Saúde	Anatomía e Anatomía Patolóxica Comparadas	12,26	16,35	28,61
Ciencias da Saúde	Anatomía e Embrioloxía Humana	13,48	22,12	35,59
Ciencias da Saúde	Anatomía Patolóxica	12,61	19,23	31,84
Ciencias da Saúde	Bioquímica e Bioloxía Molecular	12,75	19,23	31,98
Ciencias da Saúde	Ciencias Clínicas Veterinarias	12,82	0,00	12,82
Ciencias da Saúde	Cirurxía	14,09	21,15	35,24
Ciencias da Saúde	Dermatoloxía	12,73	18,27	31,00
Ciencias da Saúde	Enfermaría	13,68	18,27	31,95
Ciencias da Saúde	Estomatoloxía	12,87	18,27	31,14
Ciencias da Saúde	Farmacia e Tecnoloxía Farmacéutica	8,56	15,39	23,95
Ciencias da Saúde	Farmacoloxía	11,55	12,50	24,05
Ciencias da Saúde	Fisioloxía	7,34	21,15	28,50
Ciencias da Saúde	Histoloxía	12,76	20,19	32,96
Ciencias da Saúde	Medicina	13,68	23,08	36,76
Ciencias da Saúde	Medicina e Cirurxía Animal	11,78	20,19	31,97
Ciencias da Saúde	Medicina Legal e Forense	9,67	16,35	26,01
Ciencias da Saúde	Medicina Preventiva e Saúde Pública	12,95	16,35	29,30
Ciencias da Saúde	Metodoloxía das Ciencias do Comportamento	12,93	17,31	30,24
Ciencias da Saúde	Microbioloxía	13,00	18,27	31,27
Ciencias da Saúde	Obstetricia e Xinecoloxía	12,69	17,31	30,00
Ciencias da Saúde	Oftalmoloxía	12,49	20,19	32,68

Ciencias da Saúde	Optometría	12,12	19,23	31,35
Ciencias da Saúde	Otorrinolaringoloxía	12,71	18,27	30,97
Ciencias da Saúde	Parasitoloxía	12,58	20,19	32,78
Ciencias da Saúde	Pediatría	12,96	19,23	32,19
Ciencias da Saúde	Personalidade, Avaliación e Tratamentos Psicolóxicos	11,19	20,19	31,38
Ciencias da Saúde	Produción Animal	12,65	20,19	32,84
Ciencias da Saúde	Psicobioloxía	11,47	13,46	24,93
Ciencias da Saúde	Psicoloxía Evolutiva e da Educación	13,31	22,12	35,43
Ciencias da Saúde	Psicoloxía Social	12,76	20,19	32,95
Ciencias da Saúde	Psiquiatría	12,54	20,19	32,74
Ciencias da Saúde	Radioloxía e Medicina Física	12,15	19,23	31,38
Ciencias da Saúde	Sanidade Animal	12,39	18,27	30,66
Ciencias da Saúde	Toxicoloxía	12,95	20,19	33,15
Ciencias da Saúde	Traumatoloxía e Ortopedia	12,78	18,27	31,04
Ciencias da Saúde	Uroloxía	12,70	18,27	30,96
Ciencias da Saúde	Xenética	10,50	15,39	25,89
Ciencias Sociais e Xurídicas	Análise Xeográfica Rexional	12,40	14,42	26,82
Ciencias Sociais e Xurídicas	Antropoloxía Social	12,85	16,35	29,20
Ciencias Sociais e Xurídicas	Ciencia Política e da Administración	11,59	17,31	28,90
Ciencias Sociais e Xurídicas	Comercialización e Investigación de Mercados	12,86	19,23	32,09
Ciencias Sociais e Xurídicas	Comunicación Audiovisual e Publicidade	13,23	19,23	32,46
Ciencias Sociais e Xurídicas	Dereito Administrativo	12,85	17,31	30,15
Ciencias Sociais e Xurídicas	Dereito Civil	13,12	17,31	30,43
Ciencias Sociais e Xurídicas	Dereito Constitucional	12,53	17,31	29,84

Ciencias Sociais e Xurídicas	Dereito do Traballo e da Seguridade Social	12,98	18,27	31,25
Ciencias Sociais e Xurídicas	Dereito Eclesiástico do Estado	12,32	18,27	30,59
Ciencias Sociais e Xurídicas	Dereito Financeiro e Tributario	12,60	16,35	28,95
Ciencias Sociais e Xurídicas	Dereito Internacional Privado	12,02	17,31	29,33
Ciencias Sociais e Xurídicas	Dereito Internacional Público e Relacións Internacionais	12,72	18,27	30,99
Ciencias Sociais e Xurídicas	Dereito Mercantil	12,96	17,31	30,26
Ciencias Sociais e Xurídicas	Dereito Penal	12,43	18,27	30,70
Ciencias Sociais e Xurídicas	Dereito Procesual	12,74	20,19	32,93
Ciencias Sociais e Xurídicas	Dereito Romano	12,52	19,23	31,75
Ciencias Sociais e Xurídicas	Didáctica da Expresión Corporal	13,53	16,35	29,88
Ciencias Sociais e Xurídicas	Didáctica da Expresión Musical	13,33	15,39	28,72
Ciencias Sociais e Xurídicas	Didáctica da Expresión Plástica	13,44	17,31	30,74
Ciencias Sociais e Xurídicas	Didáctica da Lingua e a Literatura	13,88	15,39	29,27
Ciencias Sociais e Xurídicas	Didáctica da Matemática	13,19	14,42	27,61
Ciencias Sociais e Xurídicas	Didáctica das Ciencias Experimentais	13,18	13,46	26,64
Ciencias Sociais e Xurídicas	Didáctica das Ciencias Sociais	12,74	14,42	27,17
Ciencias Sociais e Xurídicas	Didáctica e Organización Escolar	15,00	7,69	22,69
Ciencias Sociais e Xurídicas	Economía Aplicada	13,10	21,15	34,25
Ciencias Sociais e Xurídicas	Economía Cuantitativa (propia da USC)	13,83	19,23	33,06
Ciencias Sociais e Xurídicas	Economía Financeira e Contabilidade	13,30	7,69	21,00
Ciencias Sociais e Xurídicas	Economía, Socioloxía e Política Agraria	12,44	15,39	27,83

Ciencias Sociais e Xurídicas	Filosofía do Dereito	12,40	18,27	30,67
Ciencias Sociais e Xurídicas	Fundamentos de Análise Económica	13,28	18,27	31,55
Ciencias Sociais e Xurídicas	Historia do Dereito e das Institucións	12,38	17,31	29,69
Ciencias Sociais e Xurídicas	Historia e Institucións Económicas	12,59	18,27	30,86
Ciencias Sociais e Xurídicas	Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación	13,82	17,31	31,12
Ciencias Sociais e Xurídicas	Organización de Empresas	13,48	13,46	26,94
Ciencias Sociais e Xurídicas	Psicoloxía Básica	12,87	20,19	33,07
Ciencias Sociais e Xurídicas	Psicoloxía Organizacional, Xurídica Forense e Metodoloxía das Ciencias do Comportamento	11,63	19,23	30,86
Ciencias Sociais e Xurídicas	Socioloxía	13,98	16,35	30,32
Ciencias Sociais e Xurídicas	Teoría e Historia da Educación	12,25	19,23	31,48
Ciencias Sociais e Xurídicas	Xeografía Física	11,85	15,39	27,23
Ciencias Sociais e Xurídicas	Xeografía Humana	12,68	16,35	29,02
Ciencias Sociais e Xurídicas	Xornalismo	12,40	16,35	28,74
Enxeñaría e Arquitectura	Arquitectura e Tecnoloxía de Computadores	12,51	16,35	28,85
Enxeñaría e Arquitectura	Ciencia da Computación e Intelixencia Artificial	11,26	10,58	21,84
Enxeñaría e Arquitectura	Enxeñaría Agroforestal	12,36	8,65	21,02
Enxeñaría e Arquitectura	Enxeñaría Cartográfica, Xeodésica e Fotogrametría	12,39	13,46	25,86
Enxeñaría e Arquitectura	Enxeñaría da Construción	12,27	17,31	29,58
Enxeñaría e Arquitectura	Enxeñaría do Terreo	12,26	17,31	29,57
Enxeñaría e Arquitectura	Enxeñaría e Infraestruturas dos Transportes	12,29	16,35	28,63
Enxeñaría e Arquitectura	Enxeñaría Hidráulica	11,92	17,31	29,23
Enxeñaría e Arquitectura	Enxeñaría Química	11,15	12,50	23,65
Enxeñaría e Arquitectura	Expresión Gráfica da Enxeñaría	12,40	15,39	27,78

Enxeñaría e Arquitectura	Linguaxes e Sistemas Informáticos	13,29	16,35	29,63
Enxeñaría e Arquitectura	Máquinas e Motores Térmicos	12,27	17,31	29,58
Enxeñaría e Arquitectura	Produción Vexetal	12,22	14,42	26,65
Enxeñaría e Arquitectura	Proxectos de Enxeñaría	11,69	18,27	29,96

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO JAVIER FERREIRA FERNANDEZ, XERENTE, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 22/12/2023 12:03:23.

CSV: 0287-960E-4CBF-A395